

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D. Rubén Vázquez Pérez

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dous miutos do día sete de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión o concelleiro D. Rubén Vázquez Pérez.

Actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de decembro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 30 de decembro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, o secretario accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Excma. Deputación provincial da Coruña, convocatoria de subvencións e axudas públicas. Extracto da Resolución número 59623, de 15 de decembro de 2025 da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se convocan axudas destinadas ao Programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2026 (DP0043/2026). BOP número 1, de 02.01.2026.
- Excma. Deputación provincial da Coruña, convocatoria de subvencións e axudas públicas. Extracto da Resolución número 60212, de 18 de decembro de 2025 da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se convocan axudas destinadas ao Programa extraordinario de subvencións a concellos para realizar actuacións de investimento e de conservación na rede viaria municipal no ano 2025 (DP004362025). BOP número 1, de 02.01.2026.
- Secretaría Xeral. Oficialía Maior da Deputación provincial da Coruña, anuncio de aprobación do proxecto "Mellora de intersección en DP 0102 Lema a Orto, punto quilométrico 1+600 (Cambre)". Plan de investimentos vías provinciais 2025. BOP número 2, de 05.01.2026.

3.- PROPOSTAS

ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER E INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN ORNAMENTAL DO CONCELLO DO CAMBRE 2025/26" EXPTE: 2025/C005/000003

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xaneiro de 2026 (CVD: l5iAcvOfefOlB0yx13JM), que transcrita di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación de "Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental do Concello do Cambre 2025/26". (Expediente TEDEC: 2025/C005/000003)

Vista a solicitude feita "Tecmodeco, S.L" con CIF B10982205, presentou solicitude con nº de rexistro 202599900007679 á que adxuntaba escrito no que, entre outras cousas, expuxo:

- "(...)1. Que con fecha 02/12/2025 se comunica adjudicación del contrato de referencia.*
- 2. En fecha 03/12/2025 se recibe solicitud de firma del contrato correspondiente al expediente de referencia, el cual es firmado al día siguiente 04/12/2025.*
- 3. Según pliegos de cláusulas administrativas se fija el día 5 de diciembre de 2025 como fecha del encendido oficial del contrato de iluminación.*

4. Dado que entre la fecha de formalización del contrato de 04/12/2025 y la fecha de finalización de instalaciones y posterior encendido está fijado para el 05/12/2025 (es decir, 1 día de montaje de todas las instalaciones necesarias) , es totalmente imposible proceder a la correcta instalación de toda la instalación eléctrica y posterior instalación de elementos de iluminación navideña en el plazo señalado, por lo que

SOLICITA:

Se conceda una prórroga en el plazo de instalación de todos los elementos necesarios para el correcto funcionamiento de toda la iluminación navideña, señalando como inicio de las instalaciones el día 08/12/2025 y previsión de finalización el día 12/12/2025. (...)

Visto o informe da técnico de xestión da administración xeral interina, co conforme da secretaria xeral e da interventora interina de data 17 de decembro de 2025 (CVD: d7xl5D1ziJnsVvCA99W) no que se informa desfavorablemente a ampliación do prazo de execución das obras polos motivos nel expostos.

Visto o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 9 de decembro de 2025 (CVD: kPzBnuyBz739W2kxDNDI) no que, entre outras cousas, expuxo:

"(.../...)

INFORME:

- A instalación de iluminación ornamental precisa montaxe, infraestrutura eléctrica, fixación de elementos luminosos, realizar comprobacións e probas de funcionamento.*
- O intervalo entre a formalización do contrato, con data 4 de decembro de 2025, e a data de posta en servizo, día 5 de decembro de 2025, implica un prazo efectivo de 1 día polo que non resulta tecnicamente suficiente para garantir unha instalación adecuada e segura.*
- A posibilidade de prórroga é viable, sempre que concurran razóns debidamente justificadas e non se altere o obxecto do contrato nin implique aumento económico, cuestións que neste caso non se ven afectadas limitándose a ampliación temporal necesaria para finalizar a instalación.*
- Proceder á execución no prazo inicial podría comprometer a calidade do servizo e serrar riscos derivados do traballos acelerados e sen marxen de comprobacións técnicas.*

Á vista do exposto e atendendo aos criterios técnicos, solicítase a concesión dunha prórroga para execución dos traballos de instalación do alumbrado ornamental, ao resultar debidamente xustificada e necesaria para garantir unha montaxe correcta, segura e axustada ás esixencias contactuais.

En consecuencia, proponse fixar como inicio do montaxe das instalacións o día 08/12/2025 e de finalización o día 12/12/2025, periodo no que deberán realizarse íntegramente as tarefas de instalación, probas e posta en servizo da iluminación ornamental (...)

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a ampliación do prazo solicitado fixando a nova data de finalización o 12 de decembro de 2025, mantendo inalteradas as restantes condicións do contrato e sen que supoña modificación do obxecto do contrato.

Segundo.-Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEdEC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Tercero.- Notificar este acordo contratista e publicar este acordo de ampliación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local]. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xaneiro de 2026 (CVD: l5iAcvOfefOlboYxl3JM), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 26 de decembro de 2025 ao 31 de decembro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1314/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1337/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1314/2025	26-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de decembro de 2025
1315/2025	26-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención data 18.12.2025, tendo en conta os informes emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 19.12.2025 e o informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime interior de data 22.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 160.642,30 euros
1316/2025	26-12-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal de data 30 de decembro de 2025
1317/2025	26-12-2025	Aprobar a nómina do mes de decembro de 2025 cun total retribucións brutas de 296.816,54 euros

1318/2025	29-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe de 87.854,14 euros
1319/2025	29-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe de 444.687,29 euros
1320/2025	29-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.12.2025, tendo en conta os informes emitidos polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 27.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 2.624,36 euros
1321/2025	29-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 26.12.2025, tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de Servizos sociais con data 27.12.2025. Aprobar as facturas por un importe total de 93.892,73 euros
1322/2025	29-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 27.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 351,45 euros
1323/2025	29-12-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o martes 30 de decembro de 2025, ás 12:00 horas
1324/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 17.798,12 euros a prol da ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Gonzalo Torrente Ballester, Sigrás para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1325/2025	30-12-2025	Aprobar a autorización e disposición do gasto e recoñecer e liquidar as obrigas, ordear o pagamento así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento do importe complementario de seguridade social de acordo co establecido no artigo 3.7 do Real Decreto 32/2021 por actualización de liquidacións de traballadores con contratos formativos en alternancia: Concepto febreiro 2024 Cuota Seguridad Social principal con recargos, costas e intereses 472,82 €
1326/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 16.500,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1327/2025	30-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 2.285,28 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en

		materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira
1328/2025	30-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 26.12.2025, tendo en conta os informes emitidos polo administrador do sistema informático de data 27.12.2025 e polo técnico de administración xeral de data 29.12.2025. Aprobar as facturas por importe de 2.354,80 euros
1329/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez. Recoñecer e liquidar obrigas por importe 27.129,75 euros a prol da ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1330/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 19.249,04 euros a prol da ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1331/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 16.350,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1332/2025	30-12-2025	Aprobar as certificacións de obra e aprobar as facturas por un importe total de 405.852,05 euros
1333/2025	30-12-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 30/12/2025 tendo en conta o informe emitido do coordinador de actividades culturais e educativas con data 30.12. Aprobar a documentación xustificativa presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos do Concello de Cambre
1334/2025	30-12-2025	Rectificar o erro detectado no punto segundo da parte dispositiva da resolución da Alcaldía número 1332/2025, de data 30 de decembro de 2025, na transcripción dun dos números de entrada das facturas, xa que onde di F/2025/2583 debe dicir F/2025/3583
1335/2025	30-12-2025	Aprobar as facturas e os gastos por importe total de 20.868,00 euros

1336/2025	30-12-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 30.12.2025 tendo en conta o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data 30.12.2025. Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para a promoción musical, ano 2024, presentada pola Asociación Sementeira Cambre. Recoñecer e liquidar obrigas a favor da Asociación Sementeira Cambre por importe de 62.555,31 euros, en concepto de achega única correspondente ao exercicio 2024 do convenio de promoción musical asinado
1337/2025	30-12-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal no seu informe referencia, tendo en conta o informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 30.12.2025. Aprobar a xustificación presentada polo Club Ciclista Cambre - Caeiro, para a percepción da achega única do convenio asinado para a promoción do ciclismo 2023. Recoñecer e liquidar obrigas a favor do Club Ciclista Cambre-Caeiro, por importe minorado de 28.906,17 euros en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración para a promoción do ciclismo ano 2023

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á aprobación da modificación da Oferta de Emprego Público do Concello de Cambre do ano 2024.

A Sra. presidenta manifesta a urxencia do asunto vén motivada para atender as necesidades estruturais de carácter urxente e inaprazable.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade dos/as Sres./a concelleiros/as asistentes á sesión.

- ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CAMBRE DO ANO 2024.

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 5 de xaneiro de 2026 (CVD: 49bnE/bKddQ5vDF+Uzwx) que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Vista a providencia do Concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de 31 de outubro de 2025 para a modificación da Oferta de Emprego Público de 2024.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data do 13 de novembro de 2025 (CVD: D3flhHkDfUetKvGLcYug).

Vista a providencia do Concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de 02 de decembro de 2025.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data do 3 de decembro de 2025 (CVD: DUGOt+icHXBx8piOghFc)

Visto o informe emitido pola Interventora Municipal de data do 17 de decembro de 2025 (CVD: R/VTf198g9EVCeXT/atY).

Vista a providencia do Concelleiro Delegado da Area de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de 22 de decembro de 2025.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data do 23 de decembro de 2025 (CVD: m/zenF9RdxI+usG+Ftir) no que entre outras cuestións se indica que "(...) Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo autorizada aplicárase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que durante o 2023 deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se houberan incorporado no referido exercicio por calquera causa o reingresado desde situacións que non conleven a reserva de postos de traballo, tal e como establece o artigo 20-tres da Lei 31/22 de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, e tal e como se indicou no meu anterior informe de data 13 de setembro de 2024 que obra no expediente e ao que me remito para non ser reiterativo, e no que se conclúe que as prazas que deben de ser incluídas na Oferta de Emprego Público de 2024 son sete tal e como se incluíron na resolución que aproba dita oferta de data 23 de decembro de 2024.

3º.- As sete prazas que constitúen a oferta de emprego público de 2024 están constituídas por unha de técnico de xestión económico-financeira (A-1), unha de coordinador deportivo (B), unha de administrativo (C-1), unha de encargado de obras (C-1), unha de auxiliar de biblioteca-arquivo (C-2), unha de operario conductor (outras agrupacións profesionais) e outra de operario de servizos múltiples (outras agrupacións profesionais).

Coa providencia do concelleiro delegado antes referida do pasado 31 de outubro preténdese modificar dita Oferta de Emprego Público no sentido, por un lado, de que a praza ofertada de técnico de xestión económica-financeira adscrita ao subgrupo de clasificación profesional A-1 o sexa ao A-2, na medida en que, si ben tales postos de traballo están adscritos indistintamente ao subgrupo A-1 ou ao A-2 segundo a relación de postos de traballo en vigor, o cadro de personal tales prazas as ten adscritas ao subgrupo A-2; e no sentido, por outro lado, de que as prazas ofertadas de coordinador deportivo, administrativo, auxiliar de biblioteca-arquivo, operario conductor e operario de servizos múltiples sexan substituídas polas vacantes de técnico de xestión de administración xeral, de dinamizador cultural, outra de técnico de xestión económica-financeira e dous de Policía Local tendo en conta que a primeira considerase imprescindible para poder tramitar os expedientes de contratación, que se considera necesario que os postos de técnicos estén cubertos con personal permanente para garantir estabilidade na prestación de servizos dada a súa consideración de imprescindibles e tendo en conta igualmente o considerable número de vacantes existentes hoxe en día no corpo da Policía Local (...).

Visto o informe emitido pola Interventora Municipal de data do 23 de decembro de 2025 (CVD: 5FKcr4MUJXmfa/Yfd+9p) no que entre outras cuestións indica que "(...) 2.- Revisada a documentación advírtese dun error no informe de intervención anterior, asinado o 17.12.2025 pola que subscribe este informe, dado que non se modificou a taxa de reposición como advirte a interventora titular no seu informe asinado o 26.09.2025 "En consecuencia, a taxa correcta de reposición de efectivos a ter en conta para determinar a Oferta de Emprego Público 2024 é de cinco (5) prazas polo que procede suprimir dúas (2) prazas da proposta de resolución asinada o 13.09.2024 (CVD: odqpv8bBaga2XsCG+74A)" Esta intervención NON da por solventada dita conclusión debido a que na providencia asinada o 22.12.25 con CVD: mx7JfGZT/49Fm6S468nl e no informe proposta do Xefe da área de urbanismo e Réxime Interior asinada o 23.12.2025 con CVD: m/zenF9RdxI+usG+Ftir continúa a proposta de 7 prazas, non de 5 (...).

Vista a nota informativa da Secretaría municipal de data 5 de xaneiro de 2026 (CVD: FwiWUle99x8lmS4Xpoq0), que comparte o criterio desfavorable da interventora interina.

Por esta Concellería Delegada da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO** a adoptar:

Primeiro.- Aprobar a modificación da Oferta de Emprego Público do Concello de Cambre do ano 2024 aprobada por resolución municipal nº 1567/2024 de data 23 de decembro de 2024, consistente en:

- Modificar o subgrupo de clasificación profesional da praza de técnico de xestión económica-financeira ofertada, pasando do subgrupo A-1 ao subgrupo A-2.
- Sustituir as prazas ofertadas de encargado de obras, administrativo, auxiliar de biblioteca-arquivo e de operario de servizos múltiples polas de técnico de xestión de administración xeral, outra de técnico de xestión económico-financiera e dous de policía local.

Quedando constituida, pois, a Oferta de Emprego Público de 2024 polas seguintes prazas :

Denominación	Nº	Grupo/ Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Técnico de xestión económico-financeira	2	A-2	Administración Especial	Técnica	Técnicos Medios
Técnico de xestión	1	A-2	Administración Xeral	De Xestión	
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Policía Local	2	C-1	Administración Especial	Servizos especiais	Policia Local
Operario Conductor	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Personal de oficios

Segundo.- Publicar a presente modificación da Oferta de Emprego Público do 2024 no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 2 de xaneiro de 2026 (CVD: 49bnE/bKddQ5vDF+UZxw), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira